



MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

PLAN DE ACCION SOCIAL 2026

20/02/2026

A CIG non asina o novo Plan de Acción Social 2026 porque segue sen recuperar o recorte histórico

O pasado 20 de febreiro, tivo lugar unha xuntanza do grupo técnico de Acción Social para aprobar o Plan do 2026. A primeira cuestión que debemos denunciar é que este Plan mantén unha dotación claramente insuficiente, cun crédito total de pouco máis de 805.000 euros para máis de 6.700 empregadas e empregados públicos, o que supón unha contía moi limitada e que non recupera os recortes aplicados hai máis dunha década.

Este Plan está condicionado polas limitacións e dispoñibilidade orzamentaria e do número de solicitudes presentadas, podendo incluso reducirse as contías para chegar a máis persoas.

Isto significa que o dereito ás axudas queda condicionado a criterios económicos e non ás necesidades reais do persoal.

Ademais, o Plan segue excluindo determinados colectivos e limita o acceso mediante baremos vinculados ás retribucións, trasladando ao persoal a responsabilidade de financiar cos seus propios salarios gastos que deberían estar plenamente cubertos polos servizos públicos.

Unha das cuestións máis preocupantes é que o número de empregadas e empregados públicos pasou de aproximadamente 6.100 en 2025 a 6.700 en 2026, sen que se producise un incremento proporcional do orzamento destinado á acción social, isto implica, na práctica, unha redución real das axudas por persoa e unha perda de dereitos sociais.

Non podemos avalar un modelo que consolida os recortes, e esiximos a recuperación íntegra dos fondos de Acción Social recortados e un incremento real do orzamento, acorde co aumento de persoal.

www.estado.cigadmon.gal



*INSTAGRAM: <https://www.instagram.com/cigadmon/>

*FACEBOOK: <https://www.facebook.com/share/17u2MoxmfB/>

*YOUTUBE: <https://www.youtube.com/@cigadmon>

correoweb_estado@cigadmon.gal